

PJ HARVEY: A DOG CALLED MONEY

635

Seamus Murphy, 2019

PASE ÚNICO EN NUMAX: 03.02.2020 | V.O.S.E. | TP

PJ Harvey: A Dog Called Money (2019, 90')

Dirección: Seamus Murphy

Guión: Seamus Murphy

Son: Seamus Murphy, Brendan Rehill

Montaxe: Seamus Murphy

Fotografía: Seamus Murphy

Música: PJ Harvey

Produtora: ulse Films, Blinder Films, JW Films, ATC Management, Artangel, Great Point Media, Irish Film Board, Somerset House (Irlanda – Reino Unido)

Distribuidora: Avalon

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Snake, 2013 [curtametraxe]

SINOPSE

O galardoado fotógrafo Seamus Murphy investiga o proceso creativo detrás da creación de *The Hope Six Demolition Project* (2016) de PJ Harvey. Buscando a experiencia de primeira man dos países sobre os que quería escribir, Harvey acompaña a Murphy nalgunha das súas viaxes, uníndose a el en Afganistán, Kosovo e Washington DC. Harvey recolecta palabras e Murphy imaxes.

«Murphy non quere en ningún momento facer un ensaio explícito do xenio e o proceso creativo de PJ Harvey, pero sen pretendelo conségueo»

Irene Crespo, CINEMANÍA

OS OLLOS VERDES

OCINEMA INÉDITO DE NUMAX

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



«Hai vinte anos podíase mercar unha entrada de cinema con balas»

Nota do director

Esta curiosa información é o epitome do que un oe no febril escenario dunha guerra. Estas palabras, pronunciadas por PJ Harvey, ou Polly como eu a coñezo, son as primeiras que soan en *A Dog Called Money*. É algo que escoitei na miña primeira viaxe a Afganistán como reporteiro gráfico en 1994 no medio dunha terríbel guerra civil. Debín contarllo cando estivemos xuntos en Kabul en 2012. Cando escoito a Polly ler esa frase agora, coa distancia que dan os anos, é como unha antiga lenda mitificada que volve cobrar vida.

Era unha nota entre moitas nas libretas que levaba canda si cando viaxamos xuntos a Kosovo, Afganistán e Washington D.C. para o noso proxecto colaborativo. As libretas contiñan notas e garabatos sobre as súas impresións inmediatas de primeira man e tamén pautas para si mesma sobre como cantar as letras que ía invocando nas páxinas mentres viaxabamos.

Decidín empregar o recurso de Polly lendo extractos das súas libretas como fio para conectar os elementos dispersos do proxecto para o que viaxamos a tres lugares distintos, diferentes, para ver, escoitar e gravar as historias que alí atopásemos. Co tempo esas notas convertéronse en temas para o disco que gravou no soto do Somerset House de Londres. O proceso de gravación en si foi unha instalación artística de 5 semanas de duración, onde o público estaba convidado a presenciar o nacemento do álbum a través de fiestras unidireccionais. A procedencia das cancións e a viaxe que percorren o arco do filme.

Polly e máis eu decidimos colaborar e emprender un proxecto xuntos. Queríamos que fose un libro (a súa poesía, a miña fotografía), un disco que gravaría ela e un filme que faría eu. Queríamos ir a sitios que nos interesan, que tivesen relevancia para nós por un motivo ou outro, compartindo a experiencia pero traballando de xeito individual. Escribir e fotografar son prácticas moi diferentes,

así que eu tería que volver para ampliar o traballo. Serían viaxes informativas, a clásica combinación de escritor e fotógrafo. Seríamos xornalísticos, pero non xornalistas.

En 2012, púxenme en contacto con Polly para ver se quería vir a Kabul. Despois de pensalo uns días aceptou. Cando chegou eu seguí a traballar coma sempre facía en Afganistán. Atopámonos con situacións que nos inspiraron e emocionaron profundamente aos dous.

Escollemos Washington D.C., o núcleo do poder occidental, como destino final. Unha cidade onde se toman decisións cruciais sobre o destino de países de todo o mundo, como Kosovo e Afganistán. Pero como se comporta Washington D.C. en casa, cos seus habitantes? Na outra beira do río, no Southeast, hai zonas con enormes problemas sociais. En 2014, fomos a Anacostia, a só un par de paradas de metro da Casa Branca e Capitol Hill. Paseamos polas súas rúas e atopámonos persoas a xogar ás cartas no porche das súas casas. Unha moza chamada Paunie chea de confianza e carisma parecía unha lideresa natural. Estas persoas e as súas situacións aparecen nalgunhas cancións. Coñecín mellor a Paunie e a súa xente en posteriores visitas a D.C. Nese lapso, Estados Unidos elixiu novo presidente.

Publicado en avalon.me
Tradución: Xan Gómez Viñas

O DIRECTOR

Seamus Murphy (Irlanda, 1959) é un galardoado fotógrafo e cineasta. O seu traballo foi exposto amplamente e está incluído nas coleccións do Museo Getty de Los Angeles ou o Museo Imperial da Guerra de Londres. Dentro do seu traballo audiovisual destacan os vídeos para PJ Harvey dentro dos seus álbums *Let England Shake* e *The Hope Six Demolition Project*.

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org